



Resolución do 14 de xuño de 2024 do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de A Coruña, pola que se acorda realizar o pagamento dos prezos xustos por expropiación para a obra: Vía de Alta Capacidade Carballo-Berdoias, nos concellos de Coristanco, Zas e Carballo.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu proceder a efectuar o pagamento dos prezos xustos dos bens e dereitos afectados pola obra: Vía de Alta Capacidade Carballo - Berdoias, de clave AC/06/140.01.75, nos concellos de Coristanco, Zas e Carballo, que figuran expostos no taboleiro de anuncios dos concellos.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria a quen figura como titular no expediente. No suposto de cambio na titularidade da propiedade que figura no expediente, deberán achegar documentación que acredite a transmisión da propiedade e DNI do novo titular.

Para proceder ao pagamento, os titulares dos bens e dereitos afectados deben proporcionar un certificado de titularidade da conta bancaria co número de conta completo (incluído IBAN e BIC) dentro dos dez (10) días hábiles, no que todos os propietarios figuren conxuntamente como titulares. No caso de que no devandito período non se proporcione a documentación, a transferencia aos titulares non se poida levar a cabo e/ou a propiedade dos bens e dereitos afectados non se acredite suficientemente, o importe do prezo xusto depositarase na Caixa Xeral de Depósitos.

A documentación requirida debe presentarse por calquera dos seguintes medios: nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, nas oficinas postais dirixidas ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, 2 - 8ª planta, 15071 A Coruña), mediante presentación electrónica na dirección <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
O Xefe do Servizo Provincial da Coruña
Felipe de la Vega Gándaras

